



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ciencia política IV: Sistemas políticos español e galego

Materia	Ciencia política IV: Sistemas políticos español e galego			
Código	P04G091V01204			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego Portugués			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	López Mira, Álvaro Xosé			
Profesorado	López Mira, Álvaro Xosé			
Correo-e	almira@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral

Trátase nesta materia de abordar cunha visión actualizada os diferentes elementos históricos, xurídicos, sociais, políticos, electorais... que conforman o deseño e funcionamento dos dous sistemas políticos nos que estamos simultaneamente imbricados como cidadáns e estudantes universitarios: o español e o galego. Aínda que, con seguridade, merecerían tratamento separado en asignaturas distintas e secuenciadas temporalmente, o vixente plano de estudos do Grao en Dirección e Xestión Pública contempla só unha polo que, fácil resultará entender, que precisamos facer un compendio moi estricto dos numerosos temas que debemos tratar no periplo académico desta asignatura. Esa é tamén unha das razóns que aconsella un diferente espazo de tratamento de cada un dos temas.

O/a estudante desta asignatura pode caer na tentación de que resulta doado asimilala xa que todo o nela tratado sóalle máis ou menos próximo, ben polos seus coñecementos previos, ben polo tratamento informativo das axendas mediáticas do país que inclúen sempre algún dos elementos incluídos no programa. Sería, na maior parte dos casos, un craso erro que cómpre evitar. Non se pense tampouco que pode haber solapamento de contidos con algunha materia xa estudada no Grao; non é así porque a Ciencia Política é a ciencia do realismo e, polo tanto, vai máis alá das aparencias ou do ilusorio normativismo xa que pode demostrar como detrás dun fermoso marco xurídico, mesmo constitucional, poden imperar a corrupción, o nepotismo ou o mero incumprimento. Eis polo que os nosos obxectivos son moi ambiciosos: porque aspiran a explicar como funciona na realidade o noso modelo político nas catro partes en que vén dividida a materia. Como ben sabedes, esta materia impártese baixo dúas modalidades de ensino: presencial e semipresencial. A información básica sobre ambas atópase nesta ligazón da Guía docente da materia. Ademais infórmovos que as titorías terán lugar os luns e xoves de 10.00 a 13.00 horas no despacho 224, no segundo andar da Facultade. Tamén me podedes localizar no teléfono 986801981 e no e-mail almira@uvigo.es

Agardo que a materia sexa do voso interese e vos proporcione ferramentas analíticas útiles para interpretar a complexa realidade político-social na que nos tocou en sorte vivir. Contade comigo para axudarvos neste propósito sempre que o precisedes.

Álvaro Xosé López Mira

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.

A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Capacidade de analizar, sintetizar e integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos con información limitada
B3	Capacidade de escoita, de lectura comprensiva e habilidades de comunicación oral e escrita
B5	Ser capaz de interpretar datos derivados das observacións en relación coa súa significación e relacionalos coas teorías apropiadas no ámbito da dirección e xestión pública
B7	Capacidade para a xestión de conflitos interpersoais e inclinación cara á mediación e a negociación
C10	Comprender a estrutura e funcionamento dos sistemas políticos galego e español nun contexto multinivel
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos
D8	Capacidade para o traballo cooperativo en equipo/grupo e aberto a diferentes puntos de vista e opinións
D9	Capacidade para o razoamento crítico creativo e o autocrítico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	A1
CB2.-aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	
Aplicar os coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	A2
Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	A3
Transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	A4
Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	A5
Capacidade de analizar, sintetizar e integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos con información limitada	B2
Capacidade de escoita, de lectura comprensiva e habilidades de comunicación oral e escrita	B3
Ser capaz de interpretar datos derivados das observacións en relación coa súa significación e relacionalos coas teorías apropiadas no ámbito da dirección e xestión pública	B5
Capacidade para a xestión de conflitos interpersoais e inclinación cara á mediación e a negociación	B7
Comprender a estrutura e funcionamento dps sistemas políticos galego e español nun contexto multinivel	C10
Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos	D1
Capacidade para o traballo cooperativo en equipo/grupo e aberto a diferentes puntos de vista e opinións	D8
Capacidade para o razoamento crítico creativo e o autocrítico	D9

Contidos

Tema	
As historias políticas española e galega.	1.- A formación do sistema político español
Institucións estatais e autonómicas de Galicia. As	2.- Trazos políticos xerais da Constitución de 1978
dinámicas políticas española e galega.	3.- A monarquía republicana do actual sistema político español
	4.- O poder lexislativo: as Cortes Xerais
	5.- O poder executivo: o Goberno
	6.- O poder xudicial: a Xudicatura
	7.- Outras institucións públicas relevantes do Estado español
	8.- A irreformabilidade constitucional española
	9.- Gobernos autonómicos e gobernos locais
	10.- Partidos e sistemas de partidos españois
	11.- Os grupos de presión españois
	12.- Os sistemas electorais en España
	13.- A política exterior española
	14.- O sistema político galego. Historia e institucións
	15.- O sistema político galego. Actores e eleccións

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	10	0	10
Presentación	10	50	60
Saídas de estudo	5	0	5
Lección maxistral	25	0	25
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	49	50

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes fomentando o traballo en equipo
Saídas de estudo	Actividades de aplicación de coñecementos desenvolvidas en espazos non académicos exteriores
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes fomentando o traballo en equipo
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	Valorarase a capacidade de expresión escrita, a capacidade de síntese conceptual e a capacidade de relación entre ámbitos temáticos do programa

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Rexerán os mesmos criterios de avaliación que na sesión maxistral	Ata 10	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B5 B7	C10	D1 D8 D9
Presentación	Valorarase a capacidade de redacción de traballos e a súa presentación pública (individual ou en grupo), con criterios como a orixinalidade, o manexo de fontes, o establecemento de elementos relacionais con outros aspectos do programa e a capacidade de establecer comparacións con outros sistemas políticos	Ata 40	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B5 B7	C10	D1 D8 D9
Lección maxistral	Valoraranse a asistencia proactiva (penalizándose a negativa), a capacidade de atención e asimilación conceptual, a actitude persoal e a participación coherente no seguimento da programación	Ata 10	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B5 B7	C10	D1 D8 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Valorarase a capacidade de expresión escrita, a capacidade de síntese conceptual e a capacidade de relación entre ámbitos temáticos do programa	Ata 40	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B5 B7	C10	D1 D8 D9

Outros comentarios sobre a Avaliación

Este modelo de avaliación e as súas metodoloxías serán aplicables para os estudantes que escollan a opción de presencialidade.

Os criterios de avaliación serán idénticos para as dúas probas/convocatorias do curso.

O alumnado da modalidade semipresencial rexerese polos criterios establecidos no Regulamento da Modalidade Semipresencial aos efectos da docencia e da avaliación. Concretamente, na materia "Sistema político español e galego", quen opte pola avaliación continua a través dos diferentes foros de debate ou discusión que se formularán ao longo do semestre poderá acadar ata un 40% da cualificación final e o 60% restante na proba final. En todo o demais terán validez os criterios establecidos nesta guía.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvaro Xosé López Mira, **Sistema político español e galego**, 3ª, 2018

Reniu, Josep Mª (ed.), **El sistema político español**,

Bibliografía Complementaria

Paloma Román (coord.), **Sistema político español**, 2ª,

Manuel Alcántara-Antonia Martínez (eds.), **Política y Gobierno en España**, 2ª,

Argimiro Rojo Salgado, **O Galeguismo a través dos seus textos e documentos políticos**,

Varios, **O sistema político galego. As institucións**,

Antonio Torres del Moral, **Constitucionalismo histórico español**,

Recomendacións

Outros comentarios

As modalidades presencial e semipresencial do Grao en Dirección e Xestión Pública comparten un mesmo plano de estudos, cuxas materias (de 1ª a 4ª) axudan a desenvolver unha aprendizaxe de competencias baseada na avaliación continua.